

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE DOCE PEÓNS INTEGRANTES DA BRIGADA DE PRONTO AUXILIO DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS, INCLUÍDOS NOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN 2.010.**

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabana de Bergantiños, cando son as 13:45 horas do día 10 de setembro de 2.010, reúnen os membros do tribunal de selección do procedemento de selección de doce prazas de traballadores integrantes da brigada de pronto auxilio do Concello de Cabana, coa composición determinada mediante resolución nº 632/2010 do 3 de setembro, estando presentes: D<sup>a</sup>. Gema Vázquez López (Interventora do Concello) que actúa como Presidenta do Tribunal, D. José Manuel Varela Lema (persoal do Concello), D<sup>a</sup>. Silvana Facal Martínez (persoal do Concello) e D. Federico M. Suárez Cancelo, Secretario do Concello que actúa como Secretario do Tribunal, con voz pero sen voto.

Procedese de conformidade co establecido nas bases de selección, a realizar entrevista persoal entre os 4 aspirantes que resultaron empatados trala valoración dos restantes méritos a fin de asignar a derradeira, das 12 prazas convocadas. A citada entrevista valorarase con 1 punto aos sos efectos de resolución do presente empate entre os 4 aspirantes.

Non se presenta á entrevista Dona Estefanía Parga Cousillas. Trala realización da entrevista aos 3 restantes aspirantes por unanimidade dos membros presentes se acorda conceder as seguintes puntuacións:

- Dona Rosina Alvarez Chouciño.....0,3 puntos
- D. David Insua Bermúdez.....0,9 puntos.
- Dona Estefanía Parga Cousillas.....0,0 puntos.
- Dona M<sup>a</sup> Carmen Romero Castro.....0,6 puntos.

Polo que á vista das citadas puntuacións o tribunal de selección acorda por unanimidade dos seus membros con dereito a voto, propoñer ao Alcalde a D. David Insua Bermúdez, para a derradeira praza de peón da brigada de pronto auxilio, quedando os restantes aspirantes como suplentes pola orde da súa puntuación, ante posibles vacantes que poidan sobrevir.